

Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VILAGARCÍA DE AROUSA****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA E BASES PARA PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIO CONSERXE**ANUNCIO**CONVOCATORIA E BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIO-CONSERXE PERTENCENTE A AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS (AP)*

Por Resolución desta Alcaldía, do 23 de abril de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases xerais para a formación dunha bolsa de emprego de operario – conserxe, pertencente a Agrupacións Profesionais AP (anterior grupo E).

**ANTECEDENTES:**

Con data 1 de decembro de 2025 á XGL acordou aprobar a selección e formación de unha bolsa de emprego de operario- conserxe pertencentes ao Agrupacións Profesionais (anterior grupo E).

Por elo e exercicio das competencias legalmente atribuídas veño a aprobar as bases xerais reguladoras da convocatoria de probas selectivas para o nomeamento como funcionario interino e polo procedemento de OPOSICIÓN.

Esta selección rexerá polas seguintes bases xerais e no seu caso polas específicas. Para todo o non previsto nestas Bases Xerais, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Real decreto Lexislativo 5/2015 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002).

**PRIMEIRO. Obxeto da convocatoria.**

As presentes Bases Xerais rexen a convocatoria para a formación da Bolsa seguinte:

Unha Bolsa de Emprego de persoal pertencente a Agrupación Profesional AP (Grupo E, denominado): Operario conserxe.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

Para poder ser chamados/as a prestar servizos mediante a nomeamento como funcionario/a interino/a que en cada caso corresponda segundo as normas para o nomeamento de persoal

funcionario interino e demais normativa concordante. E coas retribucións que correspondan ao persoal de Agrupacións Profesionais (AP) segundo a lexislación vixente, Acordo Marco e Anexo Relación de postos de Traballo do Concello de Vilagarcía.

### **SEGUNDO. Requisitos dos aspirantes.**

Para tomar parte na oposición será necesario:

a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público en redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 outubro. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter máis de 18 anos.

c) Posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios de Agrupación Profesionais, Certificado de Escolaridade ou equivalente.

d) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial

e) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenrolo das funcións propias do cargo.

g) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

### **TERCEIRO. Presentación de instancias**

As instancias solicitando tomar parte na selección, se dirixirán a Alcaldía-Presidencia do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con indicación de que as bases de selección poderanse dispoñer no taboleiro de anuncios e na sede.vilagarcia.gal, sección de persoal.

O anuncio e as bases de selección publicaranse ademais no taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica do Concello: sede.vilagarcia.gal.

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, Réxime Xurídico do Procedemento Administrativo Común.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

Unha vez recibidas as instancias acompañadas da seguinte documentación:

- 1-Fotocopia compulsada do D.N.I.
- 2-Xustificante/copia compulsada da titulación esixida.
- 3- Xustificante de ter aboado os dereitos de exame na Tesourería Municipal por importe de 17,65€ segundo a Ordenanza Fiscal nº II.6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos e outros servizos municipais.

Posteriormente fixarase mediante anuncio na sede.vilagarcia.gal do Concello e taboleiro de anuncios a relación de admitidos e excluídos e a data de celebración das probas.

#### **CUARTO. Anuncios**

O Anuncio da presente convocatoria realizarase na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios, o resto dos anuncios do proceso selectivo levarase a na sede electrónica do Concello: sede.vilagarcia.gal

#### **QUINTO. Tribunal.**

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un funcionario público municipal.
- Vocais: (3): Tres empregados/as públicos.
- Secretaria/o: A do Concello ou empregado/a municipal en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán pertencer ao un grupo profesional ou categoría para o que se requira posuír un grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

Poderán nomearse asesores do tribunal.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de “Régimen Jurídico del Sector Público”. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido na Lei 40/2015.

### **SEXTO. Exercicios da selección.**

1.A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de oposición libre e constará de dúas fases:

1) Primeira (de carácter obrigatorio e eliminatorio): A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo III. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 40 preguntas tipo test, con 3 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de unha hora para a súa realización. As respostas en branco ou erradas non contarán negativo.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a vinte puntos, sendo preciso acadar dez puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

2) Suposto práctico: Consistirá na realización dunha proba práctica con dez (10) preguntas tipo test, con tres respostas alternativas de resposta cada unha, que poñan de manifesto o coñecemento práctico do contido do temario. Deberá ser avaliada de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a.

3) Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a 2 puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un punto para superala. Esta proba poderá ser substituída pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 2 (terá a mesma validez posuír a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de INICIACIÓN).

O resultado desta proba cualificarase como apto ou non apto.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos nos seus dereitos os opositores que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal, para os que poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.

### **SÉTIMO. Cualificacións.**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na oposición, máximo de 30 puntos.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

No caso de empate a Comisión seleccionadora solicitará información mediante declaración xurada sobre a situación socio-familiar dos candidatos-candidatas aos que afecte o empate, resolvéndose o mesmo segundo os seguintes criterios:

Número de membros da unidade familiar a cargo do/a aspirante	Puntos
1	0,75
2	1,25
3	1,50
>4	2,00

Antigüidade como demandante de emprego:

Menos de 1 ano	0,25
1 ano ou máis	0,75
Máis de 18 meses	1,00
Máis de 2 anos	1,25
Máis de 3 anos	1,50
Máis de 4 anos	2,00

Familia Monoparental	0,75
Vítima de violencia de xénero	1,25

En todo caso a situación alegada deberá ser previamente acredita mediante documentación oficial expedida pola Administración Pública competente en cada caso.

En caso de que persista o empate este resolverase por sorteo.

### OITAVO. Lista de aprobados.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de postos, obtivesen as notas máis altas.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente.

Coa listaxe formarase unha Bolsa de traballo á que poda recorrerse en caso de xurdir necesidades de nomeamento/contratación para a categoría profesional obxecto da convocatoria e que se rexerá polas seguintes regras:

1. Xurdida a necesidade temporal por terse producido unha, vacante na RPT, unha baixa ou ausencia temporal, para a realización de programas temporais que non requiran un proceso selectivo específico ou por acumulación de necesidades extraordinarias e urxentes de tarefas do servizo de acordo coa lexislación vixente, e previa declaración da necesidade da súa provisión, a Alcaldía-Presidencia determinará as condicións do nomeamento a realizar, que será o que corresponda segundo a lexislación vixente.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

2. Ofreceráse ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación.
3. A tal efecto, terá que comunicarse ó aspirante que corresponda, o lugar e data no que é preciso que se presente.
4. Se o interesado non manifesta a súa conformidade co ofrecemento, entenderase que renuncia ó mesmo, e postergarase ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
  - a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.
  - b) Prestar servizos na Administración Local, dá Comunidade Autónoma, ou do Estado, como funcionario interino ou como persoal laboral temporal. Así como en calquera organismo do sector público.
  - c) Prestar servizos no sector privado.
  - d) Enfermidade.
- Os efectos da manifestación establecidos no primeiro parágrafo deste punto, os sábados serán considerados días inhábiles.
5. Os aspirantes que aleguen algunha das circunstancias previstas nas letras do punto 4º conservarán a súa posición na bolsa. Sen embargo non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións sinaladas.
6. Os traballadores que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de Traballo, incorporaranse automaticamente á bolsa no seu lugar.
7. A renuncia do aspirante, unha vez formalizado o nomeamento determinará a súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á incorporación ao posto.
8. No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou ben, se esgota a bolsa e se prevé a necesidade de persoal, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova bolsa.
9. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
10. A duración da Bolsa de Traballo será de tres anos ou ata a creación dunha nova Bolsa para ese mesmo posto de traballo ou especialidade. Excepto que por resolución do Alcalde-Presidente se acorde a súa prórroga.
11. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa co solicitante.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

12. O Xunta de Persoal poderán solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

### **NOVENO. Recoñecemento médico**

Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán superar un recoñecemento médico específico.

Aqueles aspirantes que unha vez nomeados como persoal funcionario interino non superen o recoñecemento médico perderan tal condición por non ter superado o período de prácticas, e será ofertado o posto ao seguinte candidato/a en puntuación.

Durante o período de prácticas os/as funcionarios/as interinos percibirán as retribucións propias do posto de traballo que desempeñen.

### **DÉCIMO. Presentación de documentos e contratación**

Os candidatos propostos para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicación do Concello de Vilagarcía, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo.

Deberán presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Fotocopia compulsada do título.
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condenado por delito doloso.
- e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación, o do exame da mesma se deducira que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

### **UNDÉCIMO. Impugnación e supletoriedade.**

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, no Real Decreto Lexislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

#### **DOCEAVO: CLAUSULA PROTECCION DE DATOS PERSOAIS**

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)” e da Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

Vilagarcía de Arousa, 18 de maio de 2026.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

*ANEXO I***Temario: Operario Conserxe**

Tema 1: O territorio do termo Municipal de Vilagarcía de Arousa. Rueiro, Urbanizacións, lugares de interese. Rede viaria, ferroviaria e portos.

Tema 2: Persoal ao servizo da Administración local. A función pública local. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Responsabilidade e réxime disciplinario.

Tema 3: O Municipio: concepto. Os órganos de goberno municipais.

Tema 4: Tarefas e funcións propias do persoal conserxe.

Tema 5: Nocións básicas sobre máquinas reprodutoras, fotocopiadoras, encadernadoras e análogas.

Tema 6: Control de instalacións. Sistema antiintrusos, antiincendios. Control de uso.

Tema 7: A atención ao público: a acollida e información ao administrado.

Tema 8: Ofimática básica. Word, Excel, correo electrónico.

Tema 9: A prevención de riscos laborais. Normas de seguridade e hixiene laboral.

Tema 10: Manipulación. Manual de Cargas. Posturas forzadas



Martes, 2 de xuño de 2026

Núm. 103

## ANEXO II

### INSTANCIA/SOLICITUDE

#### Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa

D./<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de comunicación en (Rúa/Lugar)  
\_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_,  
Municipio \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_ Código postal \_\_\_\_\_  
email \_\_\_\_\_

Tfns. de contacto: \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_

#### EXPÓN

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas de.....

#### MANIFESTA

Que coñece as bases/criterios de selección desta convocatoria

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas citadas bases/criterios de selección.

Que autoriza ao Concello de Vilagarcía de Arousa ao tratamento dos seus datos persoais.

Que acompaña a documentación requirida.

Por todo isto, **SOLICITA**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia. E realizar as probas de selección en lingua (marque unha):

- Galego
- Castelán

Asdo.:

Vilagarcía de Arousa, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

